

Tema 6.

1873-74. A Primeira República

(proxecto de constitución federal e cantonalismo)



O 11 de febreiro de 1873 foi proclamada a República. A Asemblea Nacional Republicana asumiu todos os poderes e nomeou como presidente do poder executivo (que exercía as funcións de xefe do Estado e xefe do Goberno) a Estanislao Figueras (11 de febreiro).

Pronto xurdiron fortes diferenzas entre os republicanos sobre a organización política da República:

- Os unitarios defendían a creación dunha república unitaria.
- Os federais se dividían en:

- Os federais gradualistas, dirixidos por Pi i Margall, defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación.

- Os federais intransixentes ou **cantonalistas** defendían que a federación debía facerse desde abaixo, mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, para construír desde eles, e por acordos libres entre iguais, a federación española.



As tensións republicanas causaron unha grande inestabilidade política, e para resolver a forma da República convocáronse novas eleccións para formar unha Asemblea Nacional constituínte. As eleccións, celebradas por sufraxio universal dos varóns maiores de 21 anos, foron gañadas amplamente polos federais, ante o retraemento da maior parte das forzas da oposición e unha abstención de máis do 60 % do electorado.



Estanislao Figueras, Presidente do Poder executivo da República española.

Estanislao Figueras



Pi i Margall

A nova Asemblea Nacional constituínte proclamou a república federal e nomeou presidente do poder executivo a Francisco Pi i Margall (11 de xuño). Rapidamente elaborouse un proxecto de Constitución federal que:

- Organizaba España como unha federación formada por dezasete Estados federados, incluídos Cuba e Porto Rico.
- A xefatura do Estado correspondía ao presidente da República, elixido por sufraxio universal, quen posuía o poder de relación entre os distintos poderes e quen, a súa vez, nomeaba o presidente de Goberno e os seus ministros.

- O poder legislativo correspondía en exclusiva á Asemblea Nacional Republicana composta por dúas cámaras, o Senado, representativo dos Estados federados, e o Congreso elixido por sufraxio universal directo por todos os españois maiores de 21 anos
- Recoñecía a autonomía municipal.
- Establecíase a separación da Igrexa e o Estado.

A axitación social e política incrementouse en toda España. : Nas zonas con forte implantación republicana, a poboación, en moitos casos radicalizada polas aspiracións revolucionarias anarquistas, alzouse en cantóns independentes. O longo do mes de Xullo proclamouse o cantón de Cartaxena, e os de Sevilla, Cádiz, Valencia, Alicante....Os protagonistas dos levantamentos cantonalistas eran un conglomerado social composto por artesáns, tendeiros e asalariados, e foron dirixidos en xeral polos federais intrasixentes, decepcionados polo rumbo dos acontecementos da nova república. Neste conglomerado mestúranse os intereses das burguesías locais cos dun proletariado incipiente, influído polas ideas internacionalistas e pola experiencia da Comuna de París. Nas súas proclamas incluían peticións revolucionarias, por exemplo o Cantón de Cartaxena estableceu: o ensino gratuíto e laico, a abolición da herdanza, da pena de morte, das quintas e dos consumos...

As revoltas cantonalistas fixeron fracasar o proxecto de implantar a federación desde arriba e produciron unha elevada disgregación do poder en gran parte de España. Pi i Margall, naquel momento á fronte do goberno, dimitiu ante a disxuntiva de ter que sufocar polas armas a revolta, e foi substituído por Salmerón, quen deu por rematada a política de negociación e iniciou unha acción militar contra o movemento. Agás en Cartaxena, a intervención militar rematou rapidamente co cantonalismo e deulles un

inmenso poder os xenerais do exército que asumiu a represión. Salmerón dimitiu a comezos de setembro ó se sentir moralmente incapaz de asina-las penas de morte impostas pola autoridade militar contra activistas do cantonalismo.

O final da República



A partir de setembro do ano 1873, a República deu unha clara volta cara á dereita co novo goberno de Castelar (unitario). Castelar non tiña maioría nas Cortes e, temendo ser destituído polos federais, suspendeu as sesións parlamentarias e gobernou autoritariamente.

En decembro do ano 1873, un sector importante dos deputados estaba de acordo en forzar a dimisión deste ó abrirse as sesións de Cortes o 2 de xaneiro do ano 1874. A intención deste grupo (Figueras, Pi i Margall e Salmerón) era volver a controlar o goberno e dar un xiro á esquerda. O día 3 de xaneiro do ano 1874 abríronse as Cortes e o goberno de Castelar era derrotado por 120 votos contra 100. Era inminente a formación dun goberno de centro-esquerda. Para impedilo, o xeneral Pavía invadiu o hemiciclo con forzas da Garda Civil e disolveu pola forza a Asemblea. Case non houbo resistencia, nin política nin popular, o que amosa a debilidade da República.

O poder pasou nos meses seguintes a mans dunha coalición de unionistas e progresistas co xeneral Serrano á cabeza, que intentou estabilizar un réxime republicano de carácter conservador e rematou definitivamente co cantonalismo. Pero a base social que podía soste un proxecto deste tipo xa optara pola solución afonsina, isto é, a volta do fillo de Isabel II, Afonso XII.

O 29 de decembro do ano 1874 prodúcese o pronunciamento militar do xeneral Martínez Campos en Sagunto. Anteriormente Isabel II abdicara no seu fillo e Cánovas del Castillo convertérase no dirixente e ideólogo da causa afonsina. O 1 de decembro do mesmo ano 1874, o príncipe Afonso asinara un manifesto (Manifesto de Sandhurst) redactado por Cánovas, que sintetizaba o programa da nova monarquía, isto é, un réxime monárquico de signo conservador e católico, que defendería a orde social, pero que garantiría o funcionamento do sistema político liberal, comezaba así a Restauración....

Imaxes : WikiCommons (Dominio Público)